


Anjo de terra (1950). Pontevedra: Colección Benito Soto



Anjo de terra

*Anjo de terra, de cobarde argila,
que co teu po queres rubir ao ceo.
Entre o verde e o azul fas o teu niño.
Da nube e do piñeiro pendurado,
arrandeado ente o que foge e dura.
Ao teu jugo junguir a Deus tencionas;
Deus traducido à tua lingua de area.
Polo doce camiño do que morre,
procuras o relanzo do non nado.
O ceo mineral friage pon-che.
Ha chegar, solermiño o teu triúnfo
cando os ollos de Deus a bágoa embace
e forte conta Deus seja o teu nome.
Israel: e o divino mensageiro
cairá rendido pola carne tua.
E caerá o seu ceu coa tua terra.*

Anjo de terra (1950). Pontevedra: Colección Benito Soto

*Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985) (1986). A
Coruña: AGAL*



*Amigo, sem necessidade
de refrám nem paralelismo,
darei a minha angústia e menos o meu gozo.
Como cando eu vestia o brial da brancura,
coberta hoje de pírpira ou despida,
elevo a minha voz como unha pomba ou lóia
no amanhecer ferido polo lume do amor
ou co chumbo na asa da arela estrelecida.
Amigo, já nom cavalgas
para a fronteira cando vem o maio,
nem eu teço já a trança dos meus días de ausência
com báguas de amargura resignada,
dogal dos meus suspiros no teu colo
que os meus braços nom premem.
Voando vás ao longe, vés num voo,
beijas-me por teléfono,
acendes-me as entranhas cabogramicamente.
Eu monto a égua apocalíptica
da liberdade de ventas fumegantes,
e a minha boca é doce e azeda a un tempo,
madurada em fatal celme de pressa e fogo.
Amigo, talvez és
plural e intermitente,
fragmentário e efémero.
E eu som eterna e múltipla,
moribunda e incólume.
Fumando as horas de violento pulso,
batendo cos meus calcanhares as ilhargas da vida,
galopo contra ti ou fujo-te, cantando
sem leixa-prem nem dobre,
agora feliz morte, magoado nacimiento
agora, alegre pranto, duro riso,
eu, voz em viva carne, dor e gozo, cantando
o teu amor, amigo.*

*Desque vim Tristám fun a sua namorada,
e oculto no meu coração levo esse amor.
Isolda a Loira eleger-me entre as suas servidoras
para ir via com ela a Tintagel
na negra nave em que Tristám chegara.
Isolda a Mai confiou-me com o filtro mágico
que o dia das bodas os noivos tinham de beber
para amarem-se sem desfalecimento de por vida.
A bordo, eu só tinha olhos para Tristám;
sem beber nengum filtro, ligada estava a el.
El era um fiel embaixador, correcto paraninfo,
que conduzia ao seu amado tio
a que havia ser senhora em Cornualhes.
Isolda era umha mocinha que abria os olhos ao mundo,
disposta a cumprir escrupulosamente o seu dever
como futura esposa do Rei Marco.
Mas mentres navegávamos, como umha abafante nuve,
o calor pairou sobre a nave.
E Isolda ordenou-me que trouxesse um refresco
para que ela e o seu custódio apagassem a sede.
E tam trémula estava eu pensando que ia servir a Tristám.
que sem dectar-me escanciei-lhes o filtro do feitiço,
pois nom via ben arredor, que o ardente sol de Tristám me
cegaba.
E amaram-se para sempre ela e ele.
E na mesma nave, Isolda foi de Tristám.
E tivemos que substituí-la eu no tálamo nupcial em Tintagel.
E Marco gozou do meu corpo,
que eu quigera reservar para Tristám.
E tivemos que proteger a culpa da minha senhora
e oferecer a minha virgindade para encobrir a falta do meu
senhor.
Eu som Brangel, namorada sem filtro.
Murcharei-me à beira da frondosa paixom que eu provoqueei.
Oxalá pudesse eu pensar em Tristám como Marco pensava*

em Isolda
cando Marco me tinha entre os seus braços
e cria que as minhas báguas eram as báguas do pudor da
Rainha.
Só umha vez jazim com um home, um home maduro
que gozou de outra mentres me gozava.
E eu nom retivem mais que a dor daquel abraço enganoso.
Eu som Brangel. Nem Thomas nem Bérroul
souberom bem a causa do meu erro.
Crerom-me só umha moça atordoada.
Revelo agora a razom da tragédia.
Mais alto foi, nom forçado feitiço,
mais alto que o de Isolda o meu amor.

Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985) (1986). A Coruña: AGAL

Se Avalon é a Ilha das Maçás,
eu quero ir a Avalon, e dormir esperando-te
todo o tempo preciso, para que me ofereças
algumha noite o fruto que me negas agora.
Recuperada a tua alma de fada,
hás-me tratar com magnanimidade,
e dormirás comigo sob a maceira
paradisíaca, sem medo à repressom
de invejosas potências ou ciúmosos poderes.
Será um sonho gentil, sem mágoa, sem remorsos.
Um sonho como a vida, como a morte.
Por isso eu quero ir a Avalon, a Ilha
das Fadas e as Maçás.

Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985) (1986). A Coruña: AGAL

Futuro condicional (1961-1980) (1982). Sada: Edici3s do Castro



Anquises

*Vénus entrou no meu despacho
sobre os seus altos coturnos,
cun abalar de pombas,
cun ondear de cisnes;
sentou-se na miña mesa,
a randear as pernas e o sorriso.*

*—Señora —dixen-lle—, non sei tratar as deusas.
Temo ser pouco respeitoso
ou respeitoso en demasia.*

*Ela riu. —Non acore —respondeu—.
As relixiónse con antropomorfismo
dan resolto o problema. Fixa-te:
a miña divindade está inteiramente cuberta
pola miña feminidade. Trata-me como a unha muller.
Eu tratarei-te como a un deus.
E, cando me vaia,
ti ficarás cun sabor de inmortalidade nos teus beizos,
mentres que eu levarei ao Olimpo,
ao redor do meu van de espuma,
a sensación agredoce da aberta
duns brazos destinados a tornar-se po.*

Futuro condicional (1961-1980) (1982). Sada: Edicións do Castro

Elegia veneciana

*Podedes me borrar do Libro de Ouro,
meus compatriños.
Hai tempo que non coído se o Turco rube ou baixa,
e os meus buques están ancorados no molle.*

*Non me tenta ocultar a miña calva
baixo a tiara de dogo.*

*Un corno e un roupón non me preservarían
dos arrañosns de tantos senadores.*

*Que outro celebre as suas núpcias co mar.
A boca desa esposa é demasiado amarga.
Prefiro-me solteiro, ceibo de tal beleza,
que abala como quer e atraízoa aos seus homes.*

*Ti, Fóscari; ti, Dándolo; ti, Loredano, ollades-me
sen dúbida co horror con que a un irmán perdido.
Quizá teño algun sangue dun Otelo ignorado,
e o meu torgo non é enxebre de Aquilea.*

*Non me retratarán Bellini nen Tiziano;
escuro morrerei, pobre gallo esquecido.
Mais ollo o mar rillar as pedras de Venécia,
e atopo triste o antroído da vella Serenísimá.*

Futuro condicional (1961-1980) (1982). Sada: Edicións do Castro

Cabeza de deusa

*O teu cabelo
As nenas dos teus ollos, dúas negriñas
que se erguen, entre escumas, do seu baño,
a sorrir, maliciosas, docemente.*

*A brancura do rosto, candidata
ao império da brancura, mármol, neve,
leite, marfin, lua, alabastro, lírio.
E sobre o ceu desa brancura nídía,
sobre esa branca luz sen nódoa, a ave
da tua noca, tingida de solpor.*

*De delicada prata,
de água callada e fría,
de cisne que amou Leda,*

loto carnal, o colo.

*Por este talo de cristal
corto a flor do teu rosto, decapito-te.*

*Chamo-me Euríloco, fillo de Anaxímenes,
ródio. Aprendin a traballar o mármol
no obradoiro de Euríbio.
Son aprendiz aínda.*

*Piedosamente,
deteño-me no arranque do teu peito.*

*Máis adiante farei-te en busto, e logo
de corpo inteiro, cando esté eu maduro.*

Mais só a cabeza agora.

*Hei de ir por partes. Non teño experiencia.
¿Cómo reflexaría
no espello branco e duro
a tua realidade?*

*Moitas veces na praia solitaria
ou na linde da fraga, nos meus brazos
tiven a fillas de pastores,
mozas morenas de alapada pel.*

*Na area deseñei
o calco dos seus corpos.*

*Mais é a primeira vez que ousou esculpir
a image dunha deusa.*

Futuro condicional (1961-1980) (1982). Sada: Edicións do Castro.

Saltério de Fingoi (1961). Vigo: Salnés



Viage

Era unha vila cabo dun río.

Non direi o seu nome, inda que o lembro,

pois non é o nome de nengunha vila.

O río ia en acougo, entre secretos ameneiros,

pola terra loira, cha e eucarística.

Habia unha longa avinda, de ambíguos álamos;

e estendia-se a vila, longa,

como unha moza enxoita.

Os avións voaban sobre a igreja.

E a gente era tranquila, de consuetudinária formosura.

E às portas das casas, o tempo nos joellos,

as mulleres cosían os días da súa vida.

Uniformes cor de argila, estrelas na manga.

Poucos. Mandaba-os eu. Levaba-os a algures.

Etapa da viage, acolleu-nos a vila.

Ao ar ceibe, sentados, nun café,

fumábamos a tarde.

Qué formosa era a vila, e o río, e as gentes.

Quén pudese ficar.

Os meus homes soñaban con ser mozos

das mozas enxoiatas e castas,

para sempre.

E falaren coas vellas ao saíren da igreja,

con pazán parolar.

E saíren de caza, en procura do paspallás ligeiro,

con discretos fidalgos.

Mais ao día seguinte tiñamos que partir.

Helena regresa a Esparta

*Estes son os pórticos, estas as aras.
Ergue-se a neve ali coroando os penedos.
Aqui esbaran os cisnes entre os vímios.*

*Beleza vencedora, acollen-me os lugares
como se non tornase profanada
por beizos estrangeiros.*

*A gorja do tempo engolirá Troia
e os dez anos adúlteros. Purificada
polo esquecemento, me non pesa o corazón.*

*As bágoas de Hécuba, a lanza de Héitor,
o trono do Príamo, o leito de París
afindirán-se na noite da morte. Segura,
calco con pe de marbre o pazo natural.*

Saltério de Fingoi (1961). Vigo: Salnés

O silencio axionllado (1931-1934) (1934).

RICARDO CARBALLO CALERO

O SILENZO AXIONLLADO

(1931 - 1934)

NÓS - VOLUME LXI - SANTIAGO

Maria Siléncio

Cabeleira de chuvia, ollos de néboa.

Maria Siléncio, esfarrapada, à espreita.

Sempre agardando, pola noite, as barcas.

A tua angúria fala con olladas.

Maria Nocturna: no peirán ¿qué esperas?

¿Polo día non vives?

¿Naces cada solpor? ¿Cais da primeira estrela?

*Maria Siléncio, sempre dura e muda...
¿Cál é a barca que agardas?*

*Das fontes dos teus ollos
fluen rios de sono.
Pero ti sempre dura e desvelada,
batida polo vento, no peirán...*

*Maria Siléncio, eu roubaria
no ceu
a estrela de mel,
na água
a estrela de prata,
pra che mercar a fala.*

*Se queres ulir flores,
darei-che a flor da lua.*

Maria do Mar, ¿qué barca agardas?

¿Queres o sol, carne de lua fria?

*O sol é un porco-espiño disfrazado.
No mar agora, ourizo de mar, dorme.*

*Pescado pola cana do abrente,
darei-cho eu, raiolante e mollado.*

¡Maria Siléncio, Voz Dormida: fala!

*¿A qué afogado esperas,
Maria da Sombriza Espranza?*

*Maria Siléncio, ¿agardas a tua voz?
¿As ondas do mar levado roubaron-cha?*

*De chuvia e vento vestida,
Maria Siléncio, calada...*

O silencio axionllado (1931-1934) (1934).

Reticências... (1986-1989) (1990). Santiago: Sotelo Blanco

RETICÊNCIAS...
(1986 - 1989)

RICARDO CARVALHO CALERO



VENTO QUE ZOA / SOTELO BLANCO

*Dixo el: Proponho-che que nos amemos
com amor tolo um tempo indefinido,
o que o amor tolo dê de si. Aceitas?
Dixo ela: Com amor
tolos? Dixo el: Hai outro
jeito de amor? Dixo ela:
Um tempo indefinido?
Dixo el: Quem sabe quanto dura o tempo?
Quem sabe quanto dura
o amor? Nom prejudguemos
com a razom, com o relógio
o que é naturalmente irracional
e nom se mede com o rilhar de rato
da corda dessa máquina
que nos vigia, mas como os latejos
do coração que nos impele ao sonho,
do sangue que circula
atropeladamente polas veias
daquel lugar, se o hai, do nosso corpo
onde se acende, onde se apaga o amor.
Sonhar despertos, sem saber
quando findará o sonho, a isso te invito.
Dixo ela: Aceito. Aceito nom ser eu
durante um tempo que nom hei medir.
Aceito ser a rola que no souto
arrola, e nom escande
as sílabas do seu rouco cantar.
Aceito ser o germe que na terra
se transforma, e morrendo sobrevive.
Aceito ser a estrela que no céu
estala num sistema de planetas,
satélites e rebo sideral.
Para eles nom hai códigos morais
ou lógicos, mas leis da natureza
a que se entregam
sem pensar no amanhã. Meu tolo amor,
aceito ser o teu amor. Aceito
ser tola o tempo que te ame, e amar-te
o tempo que a tolíce reine em mim.*


Reticências... (1986-1989) (1990). Santiago: Sotelo Blanco

*Como pudemos
viver? Os olhos múltiplos e insones
de Medusa fixos em nós à espreita.
As bocas das metralhetas
apontando-nos. A censura
postal —fatídico agoireiro—
lendo as nossas entranhas.
Os sacristaos passando lista
às portas das igrejas. Nos cafés,
os contertúlios anotando
as nossas reacções perante
as notícias do rádio.
Clitemnestra na cama.
Na escola, os nossos filhos aprendendo
a condenar-nos, a
desprezar-nos, a
denunciar-nos, a falarem na língua
com que insultados fomos e julgados
réprobos, e na qual foi estendida
a acta que nos levou
ao paredom, ao cárcere, ao desterro;
a língua com que nos indultaram
para nos reinserir arrependidos
no mundo que quigéramos
substituir. Muitos morrerom, mas
nom falo agora desses mortos; falo
dos que tiveron que viver morrendo
entre os seus matadores, lendo a imprensa
que de lama os enchera, saudando
as insígnias contra as quais militaram.
Como pudemos
viver? E mais vivêmos.
E comêmos, dormímos, engendrámos
crianças: se havia quê comer, se havia
leito para dormir ou para amar.
E é que, assi como o home sossegado,
bondoso e cortês, pode
converter-se em malvado,
besta cruel; e a mulher terna e fina,
em selvagem ouveante alimária:*

*assi tamém o home inquieto,
íntegro e valoroso pode
transformar-se em sofrida
besta de carga ou tiro, e a mulher
que as teias acendia da vitória,
em abatida fêmea
de miserenta espécie soterranha.
Assi hienas e vermes,
formas de desumana humanidade,
encarniçam-se, arrastram-se.
Nom haveria lobos
se nom houvesse anhos.
Milhafre e pomba todos podemos ser.
Isso é ser home: humilhar ao home
ou humilhar-se perante o home. Todos
podemos humilhar-nos e humilhar.
Isso é ser home. Mister seria
para nos prevenir de sermos
bestas depredadoras ou servis,
conquistar umha faísca
de lume prometeico e ser
um pouco deuses, home e deus à par,
na força e na renúncia;
mas isso só é possível
sobranceando o humano,
cando águia é a hiena, e anjo o verme,
sobre a terra a voar,
segundo a desumana fórmula
de Friedrich Nietzsche ou de Cristo Jesus.*

Reticências... (1986-1989) (1990). Santiago: Sotelo Blanco

Vieiros (1931). A Coruña: Nós



Evocazón da infancia perdida

*¿En que recanto do tempo
está soterrado o cadáver da miña infancia?
Da choiva rexurdideira da lembranza
defende-o un teito de teas de araña:
a tea de araña do esquecemento,
a tea de araña da lonxanía,
a tea de araña do sufrimento:
triple teito impermeábel e rejoy.
Eu, neno, matei a miña infancia
co coitelo da miña gravidade.
No relógio adiantado da miña vida,
a agulla da miña vontade
asinalaba a hora da colleita
cando aínda non era a hora da sementeira;
asinalaba a hora d roibo amor
cando era a hora do branco jogar:
e ateigado cedo da ciencia da dor,
o meu rouxinol
puxo-se a cantar
aínda antes de aprender a voar.
Cando era a hora do viver,
foi para min a hora do coidar.
¿Cómo tornar as agullas do tempo
a marcar no relógio da miña vida
a hora da alba?
¿Cómo tornar a corrente do río
polo quenlle enriba?
¿Cómo torná-la?
Eu atingin uns ollos ingénuos
e un corazón enxebre de treboadas.
Enche-o a esperanza
como unha água clara.
Un corzón naipelo, de cristsal e de prata.
Uns ollos rebuldeiros
que aínda non cobellaron nengunha image ma.
¿En qué currunchos do tempo
está soterrado o cadáver da miña infancia?
¿No cabo de qué camiño cego?*

*(Ollos e corazón ao jeito dela:
por-llos quero a esa morta, e que resuste.)
A ese recanto do tempo
vai-se por un escuro túnel
que percorre a lembranza como un vento.
Mais a entrada desa via está fechada,
fechada por un valo de teas de araña:
a tea de araña do esquecemento,
a tea de araña da lonjania,
a tea de araña do sofrimento:
triple valo inexorábel e rejoy.*

Vieiros (1931). A Coruña: Nós